



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 5 | Edición nº 56 | Agosto de 2022 | PRECIO 2 EUROS

**Zona Franca asina
novas parcelas para
a PLISAN**

Páxina 3

**Ponteareas mellora as
súas rúas peonís**

Páxina 6

**Alfombristas de
Ponteareas elaborarán
un tapiz de flores para
o Cristo da Victoria**

Páxina 8

**Encontro cos
cañicenses e galegos
en Lisboa**

Páxina 10

**Mondariz dá pasos para
promover a mobilidade
amable no centro**

Páxina 11

**Servizo de Atención
Temperá para A Cañiza,
Covelo, Mondariz,
M.Balneario e Melón**

Páxina 12

**Fortes incencios no
Condado-Paradanta**

Páxina 13

Entrevista



Luís Piña | Alcalde da Cañiza

"Pretendo crear o Consello de Cañicenses no Exterior"

Páxinas 9 e 10

O PP de Ponteareas pon o motor en marcha

Páxina 13



Portugal - Alto Minho

**Ecovia do Rio Minho, 2ª
fase, aberta ao público**

Páxina 14

**EDP Vilar de Mouros 2022...
que cartaz**

Páxina 15

**Vikings vão invadir
Cerveira...**

Páxina 16



REBAJAS



**Ahora
50%
+
10%
de descuento.**

Del 1 de julio al 31 de agosto de 2022

pikolin
Consultar modelos disponibles en la promoción

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Verán Cultural 2022, vive agosto en Salvaterra de Miño

Como é costume en cada mes de agosto, o Concello de Salvaterra de Miño ven de presentar a programación do seu tradicional "Verán Cultural", e que este ano ven con máis folgos que nunca gracias a saída da crise sanitaria, que tanto afectou ao longo destes últimos dous anos.

Se ven é certo que todavía cómpre ser prudentes e responsables coa COVID, tamén o é que os veciños, veciñas e os visitantes de Salvaterra agardan con ansia as festividades propias da temporada estival que tanto éxito teñen e que son seña de identidade do Concello Salvaterrense, onde a parte da programación diaria destacamos festivais consolidados como son O Mundo a Danzar ou o Son da Muralla, o maior Festival DJ ao aire libre de Galicia, ademais de poder desfrutar da mellor música dos 60, 70 e 80 no Guateque.

Programación

Luns 1: O MUNDO A DANZAR
Xoves 4: FESTIVAL DE BANDAS
Venres 5: FESTIVAL FOLCLÓRICO A.C. PONTENOVA
Sábado 6: O SON DA MURALLA
Martes 9: BAILE MODERNO
Mércores 10: FESTIVIDADE DE SAN LOURENZO
Xoves 11: CINE INFANTIL
Venres 12: CINE INFANTIL
Sábado 13: IMOS DE GUATEQUE
Mércores 17: FESTA DA ESPUMA E HINCHABLES
Xoves 18: CONCERTO INFANTIL "PAKOLAS"
Venres 19: GALICIA ILUSIONA
Do 22 ao 26 CATAS COMENTADAS
25, 26 e 27 TUNEL DO VIÑO
26, 27 e 28 LXIII FESTA DO VIÑO DO CONDADO DO TEA
Venres 26: Inauguración, con concertos de "VOCES DO ARRIEIRO", "QUINKALLADA" e "OS VACALOURAS".
Sábado 27: Concertos de "XISCO FEIJOÓ", e "LUCÍA PÉREZ".
Domingo 28: Concertos de "ALMUDENA LAMORA E ADRIÁN PÉREZ" e "AMNESIA".

Novas luminarias LED para Salvaterra

Coa finalidade de mellorar e renovar a rede de alumeadado público, o Concello de Salvaterra de Miño, a través do Plan Concellos e por un valor de máis de 14.000€, ven de renovar luminarias antigas por LED, novos brazos metálicos, postes de formigón e cableado en varios puntos, en Burquete e A Serralleira en Corzáns, A Carqueixa en Fiolledo e A Roda en Meder.

Esta acción únese as levadas a cabo tanto no Centro Urbano como en outras parroquias por

parte do Concello. Ademais está en tramitación un proxecto de máis de 2 millóns de euros para o cambio a led de todas as parroquias.

Estas melloras feitas a través do Plan Concellos encáixanse dentro das liñas do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible deste Concello. Acción que consiste na instalación de 34 novos puntos led exterior de 30W de potencia, que axudan a baixar o consumo, 22 novos brazos galvanizados e demais material necesario para modernizar e adaptar a liña.

Obradoiro dual de emprego 2022-23 en Salvaterra

A Consellería de Emprego e Igualdade ven de comunicar a concesión de máis de 500.000,00€ para financiar os custos de formación profesional para o emprego do proxecto do Obradoiro dual denominado "SALVATERRA EMPREGA II".

Esta iniciativa terá unha du-

ración prevista de 12 meses, onde se pretende formar a 20 persoas desempregadas nas especialidades formativas no ámbito Forestal e de Xardinería. Con este obradoiro o alumnado traballador adquirirá os coñecementos necesarios mediante a realización de tarefas que res-

ponderán á prestación do servizo en si.

As obras a realizar a través deste obradoiro están destinadas a darlle continuidade a posta en valor do parque forestal Monte Castelo, ubicado na parroquia de Pesqueiras.



INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS **GALICIA**
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

A Xunta aproba a construción dunha senda entre Oleiros e Leirado

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aprobou o proxecto de construción para a mellora da mobilidade peonil e da seguridade viaria na estrada autonómica PO-402, entre os núcleos de Oleiros e Leirado, no concello de Salvaterra de Miño.

A actuación nesta estrada suporá un investimento autonómico de 1.525.383 euros. O obxectivo da Xunta é licitar as obras a finais deste mes para poder adxudicalas en outubro e iniciar os traballos antes de que finalice o ano. A intervención conta cun prazo de execución de 12 meses, aínda que o obxectivo é poder tela rematada para o verán de 2023.

As obras consistirán na construción dunha senda peonil e ci-

clista de case 4,6 km de lonxitude, que unira os núcleos de Oleiros e Leirado, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+640 e 5+230 da estrada PO-402.

Este novo itinerario executarase en formigón coloreado reforzado con mallazo e disporá dun ancho variable dun mínimo de 1,80 metros. A elevación da senda con respecto á rasante da estrada será de 10 centímetros.

Para a ampliación da plataforma e dispoñer de espazo para a senda executaranse muros de perpiaño en varios tramos da estrada, e adecuarase a rede de drenaxe lonxitudinal e transversal á nova configuración da vía tras a execución da senda. Tamén se adaptarán as instalacións de sinalización e servizos que se poidan ver afectados pola obra.

Na actuación destaca a intervención un treito de senda que debe ser executado en estrutura, no punto 2+350 da PO-402, no que existe unha canle que é necesario salvar. Deste xeito, proxéctase a instalación dunha ponte de 23 metros de lonxitude e ancho útil de 1,8 metros, realizada en madeira de piñeiro silvestre tratada en autoclave para maior durabilidade.

O proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta inclúe, ademais, a adecuación de catro marquesiñas nas paradas de autobús.

Tamén se prevé a execución de varios pasos de peóns con iluminación específica, para mellora da mobilidade transversal e unha mellor accesibilidade á nova senda. Esta actuación conta con fi-



nanciación dos fondos europeos Feder React-UE como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19 dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mediante esta intervención, a Xunta habilita ao longo de practicamente toda a lonxitude da PO-402 un novo espazo para o tránsito peonil seguro nesta zona con vivendas a ambas as marxes da es-

trada, coa senda que xa chega ao cemiterio de Oleiros e as beirarrúas existentes en Leirado.

Con esta actuación o departamento que dirixe Ethel Vázquez dá resposta á solicitude do Concello, completando así outras importantes actuacións de mellora da mobilidade peonil executadas nos últimos anos que permitiron unir Oleiros con Salvaterra a través da PO-400 e da PO-402.

Zona Franca asina novas parcelas para a PLISAN

A Zona Franca de Vigo formalizou ante notario a venda de novas parcelas na Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves ás empresas Lonza e Centro Loxístico Plisan.

O Delegado do Estado da Zona Franca, David Regades asinou a venda de 102.000 metros cadrados á empresa biotecnolóxica Lonza Biologics Porriño, que se instalará en catro parcelas da Plisan.



A actividade será un centro produtivo de produtos farmacéuticos, cunha nave de produción de 20.000 metros cadrados, dedicando o resto de superficie a servizos complementarios como zonas de espera, manobra de carga/descarga de camiións e estacionamento. Estímase un investimento para realizar de 200 millóns de euros e 200 novos postos de traballo.

Previamente Zona Franca asinou en notaría da Cañiza a venda dunha parcela de 6.645 metros cadrados a Centro Loxístico Plisan, que desenvolverá un proxecto para proporcionar servizos á industria alimenticia mediante o envasado e conservación en frío de produtos de alimentación frescos, como peixe, mariscos, cefalópodos, carne, vexetais, alimentos precociñados e sobremesas.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O servizo de fisioterapia da asociación Adapta atendeu a trinta persoas con discapacidade neste 2022

A Asociación de Persoas con Discapacidade das comarcas de O Condado e Parandanta (Adapta) puxo en marcha durante o ano 2010 un servizo de Fisioterapia dirixido a persoas con discapacidade destas comarcas. Tal é o éxito deste servizo polos beneficios que lles aporta ás persoas con discapacidade física que, ano tras ano, promóvese a súa continuidade dende a entidade.

Dende inicios deste ano, trinta persoas recibiron fisioterapia a través de Adapta, coas que se traballou tanto a promoción como o mantemento e o incre-

mento da súa calidade de vida. Este servizo está especialmente enfocado a aquelas persoas que sufriron unha lesión ou que teñen problemas de saúde causados por unha enfermidade, afección ou discapacidade.

Este servizo está financiado a través da convocatoria de subvencións destinadas a realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo a asignación tributaria do 0,7% do IRPF que xestiona a Xunta de Galicia e que proceden de todas as persoas que marcaron o recadro da X Solidaria na declaración da renda.



ACiP defende que os plenos deben ser públicos

Segundo ACiP, no pasado Pleno Ordinario do mes de xullo de Ponteareas non se cumpriu a legalidade vixente, xa que a Policía Local que se atopaba nas portas impediu o paso da veciñanza. Dende a Alcaldía a escusa foron as obras no recinto. A normativa deixa claro, que se non se pode utilizar o salón plenario, deberá habilitarse outro espazo, como fan noutros concellos galegos con plenos en auditorios ou pavillóns.

ACiP amosa a súa disconformidade, ante actitudes tan pouco democráticas. Segundo este partido político o posto de alcaldesa



venlle grande a Cristina Fernández. O candidato de Alternativa Ciudadana de Ponteareas a alcaldía, Juan Carlos González Carrera, expresa o seu malestar cos feitos sinalando que «o ocorrido no Pleno Municipal foi unha

falta de respecto as normas e a propia democracia municipal". "Aínda que non é responsabilidade nosa, queremos pedir desculpas a cidadanía que desexaba acudir e esperamos que non volva ocorrer algo similar".

Denuncian a "inoperante xestión" das fosas sépticas

Alternativa Ciudadana de Ponteareas criticou a xestión da empresa subcontratada polo Concello para o baleirado de fosas sépticas cualificándoa de "inoperante" ante o problema de insalubridade rexistrada estes días na vila do Tea, a

tenor das elevadas temperaturas, superiores a 40º graos.

O voceiro e candidato Juan Carlos González Carrera, indicou que en outubro presentou un comunicado no que expresaba o descontento social coa xestión externalizada do servizo de ba-

leirado de fosas sépticas, que afecta a uns 7.000 veciños ponteareáns. Lonxe de arranxarse, a situación desembocou en "catástrofe", acusando ao goberno bipartito BNG-PSdeG-PSOE de "caos e descontrol" por "abandonar a prestación dos servizos públicos".

Ponteareas actualiza a taxa de vaos cunha ordenanza máis equitativa

Ponteareas vén de dotarse dunha ordenanza reguladora de concesión e de taxa por entrada de vehículos a través de beiravías, beirarrúas, reservas de vía pública, aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías.

A alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, explica que "ata o de agora non contabamos cunha normativa específica para vaos. Agora, establecemos esta ordenanza para garantir unha aplicación máis equitativa das taxas, en función da intensidade de uso, de xeito que non se discrimine ao pequeno comercio fronte ás grandes superficies, ou aos pequenos garaxes fronte aos



que dispoñen dun gran número de prazas".

A nova ordenanza, segundo indica o concelleiro de Facenda, Pancho Alonso, "inclúe unha tarifa reducida dun 20% a aqueles establecementos que só queiran ter a reserva de espazo público durante o horario laboral. Así mesmo, mantense a dedución do 40% nas vivendas situadas nas aforas da vila ou nas parroquias, así como o prezo da concesión da sinal oficial de vaos".

PP denuncia as subidas das taxas dos vaos



A voceira do Grupo Municipal do PP Ponteareas, Belén Villar, denunciou que o goberno bipartito realizou unha suba encuberta coa actualización da ordenanza fiscal que regula o pago dos vaos en Ponteareas, e que leva desde 2013 sen renovarse.

Villar indicou que estas subidas "incrementará en ata un 20% o pago que realizarán particulares e ata un 50% o que terá que pagar un negocio que conte por exemplo con 25 prazas de apar-

camento". Deste xeito, "un particular cunha vivenda unifamiliar que pagaba 45 euros/ano por unha entrada de tres metros lineais agora pagará entre un 15% e un 35% máis. Se vive nun edificio, pola entrada ao garaxe, se antes pagaban 446€/ano agora poden chegar a pagar 1.000€/ano. En relación a locais comerciais, un establecemento que pagaba por un garaxe de 50 prazas 500 euros/ano pasará a pagar 875 euros, o que supón un incremento do 57%.

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Cousas daqui, dalí e dacolá

Hoxe a punto de coller unhas curtas vacacións vou tentar deixar-lles unhas cantas “perlas desta tola sociedade” para que Vdes. teñan algo máis en que pensar, reflectir; agora que todos escapamos pros ríos e praias do País.

Como a orde dos factores non altera o resultado comezaremos, por exemplo, cos segredos oficiais que o Goberno di vai poñer a punto. Están conxelados dende o ano 1968. Xa choveu. Os historiadores e investigadores levan décadas solicitando a desclasificación de feitos ocorridos trinta ou corenta anos atrás pero que seguen baixo o manto do “secreto de Estado”. Por exemplo, que ocorreu, realmente, no xa histórico 23F? Cal foi o papel real do rei nesa noite de autos? Que pasou cos GAL? E en Montejurra? Cal foi o papel que xogou a Conferencia Episcopal española e como foi recompensada por Franco? Como se fraguou o Plan para atentar contra a República e quen ordenou que Franco pasara o charco e se viñera do Norte de África para poñerse a fronte dos sublevados? Quen financiou toda a operación? En fin, moitas cousas que están sen desenterrar do cadaleito dos tempos e que moitos non queren que se coñezan.

Se non podemos saber o que sucedeu en realidade pouco poden valer as informacións que recibimos dun e doutro lado. Sempre serán de parte e contarannos o que lles interesa que coñezamos. Hoxe as “camadas”, que diría Beiras, nadas despois dos anos 70 ou 80 non saben ren de como foi a vida dos seus pais e avós. Como sufriron a Guerra Civil e como puideron, aqueles que o conseguiron, liberarse das cadeas do Movemento Nacional imperante.

Esperemos que a nova lei que será discutida no Parlamento a partires de setembro remate con tanta impunidade e silencio.

Outro tema que sae constantemente nos medios, mellor diríamos nos medios que lle son afíns, é a suposta capacidade do novo Presidente do PP para xestionar os temas económicos deste País. Unha mentira que o PP está utilizando coma un “mantra” sen que apresente probas porque non as pode haber. O que si coñecemos é o que fixo en Galicia. Chegou a Xunta cunha débeda de 3.950 millóns de euros

e, cando se foi, o outro día coma quen di, deixouna con 11.314 millóns, de euros. Toda unha estupenda xestión en catro lexislaturas con maioría absoluta. Anda dicindo que Pedro Sánchez ten empeñados aos españois en 6.000 euros. En canto deixou el a cada galego? Fagan números.

A pregunta non é se Feijóo presume ou non de ser un bo xestor, a pregunta é por que practicamente todos os xornais, emisoras de radio e outros medios pesebristas deste País semellantes teñen asumido que o é. Como di o refrán “colle fama e déitate a durmir”.



Isto forma parte dunha película de cuateros que, montados nos seus cabalos corruptos e explotadores sociais, entran na vila social presentándose coma os salvadores.

Outro asunto serio sobre o que poden cavilar neste mes de agosto chámase cambio climático.

É de supoñer, aínda que nunca se sabe, que xa non quedarán persoas que neguen o cambio climático. Se co que está “chovendo” alguén continúa afirmando que iso do cambio climático é un “mantra” sen base científica algunha é porque o mundo está mais tolo do que podemos pensar.

Os mares están reclamando as súas ribeiras. Os montes arden como se alguén lles botase gasolina. As rúas están intransitables, cunha vaga de calor coma nunca se viu. Está claro que, por este camiño que vamos, dentro de 15 ou 20 anos o mundo comezará a facerse invivible. Claro

que quedarán os de sempre. Os que se retirarán aos seus cuarteis de inverno rodeados de medidas de seguridade pensando, mal pocadiños!! Que alí nas súas burbullas ninguén poderá molestalos.

A natureza é moi sabia e moi potente. Non sabe de razas nin de culturas. O único que reivindica é o que é seu. Terras ocupadas por hoteis e viven das de luxo nas costas dos seus mares; grandes navieiras soltando peste nos seus mares sen importarlles a quen matan e a quen destrúen. Pero nestes momentos xa non quedan moitos heroes. A maioría sabe que ou tomamos medidas drásticas e deixamos de molestar a nai natureza ou ela se encargará de poñernos no sitio. Sitio que non ser outro que o de sufrir riadas, vagas de calor, volcáns en erupción, alimentos contaminados, etc. etc... Seguiremos coma no afundimento do Titanic que, mentres os pasaxeiros ían morrendo afogados, a orquestra seguía a tocar.

E para rematar non me resisto a convidalos que me acompañen nunhas cantas reflexións de tipo económico. Vexamos: a finais de 2021 foi aprobada unha nova reforma laboral. Reforma que ven a substituír a do PP dos tempos de Rajoy. A principal virtude desta reforma foi a de eliminar, aínda que non absolutamente, os chamados contratos lixo e forzar as empresas a contratar os seus traballadores dunha maneira mais indefinida; cotizar máis á Seguridade Social para que se vexan beneficiados á hora da xubilación. A dereita e a extrema dereita, acompañados ao piano por Cidadáns, puxeron o grito no ceu porque, segundo os seus cálculos do seu novo gurú económico Núñez Feijóo, íanse perder non sei cantos miles de postos de traballo. A cuestión é que ocorreu todo o contrario. Dende a súa entrada en vigor, a Seguridade Social confirma máis contratos indefinidos que antes.

Outro tanto ocorreu co chamado Salario Mínimo Interprofesional que se situou en 2022 en 1.000 euros, pero co compromiso entre Goberno e Sindicatos de que seguiría aumentando para 2023, alcanzando o 60% do salario medio que nestes momentos podemos cifralo nunha media de 2.300 euros. Ou sexa que no ano 2023 e 2024 terá que acadar os 1.300 euros máis ou menos.

Outro tema de reflexión podemos situalo nas pensións tan discutidas. Cando gobernaba o PP, as pensións só podían aumentar o 0.25% anual. Ben, pois hete aquí que os últimos acordos de goberno as pensións subirán un 2.5% cada ano e ademais recuperarán o incremento da inflación do ano anterior. É dicir, en 2023 os pensionistas recuperarán o aumento dos produtos deste ano que vai polo 12% de inflación. Isto quere dicir que a primeiros de xaneiro de 2023, os pensionistas verán as súas pensións aumentadas nun 2.5% e ademais recuperarán a inflación deste ano. Isto xa ocorreu no mes de xaneiro deste ano que andamos. Eu recuperei máis de 500 euros.

Por que os convido a que reflectan sobre estes temas das cousas de comer? Pois moi sinxelo, por que están sendo bombardeados dende os medios de comunicación que eu denomino pesebristas e que defenden aos máis pudentes que este goberno que temos é un desastre; hai que rematar con el; o País, polo visto, vai ao traste. Diante da proposta do Goberno de aplicar un imposto aos grandes bancos e ás empresas enerxéticas sobre os escandalosos beneficios que están declarando cada día, que nos soben o recibo da luz e dos combustibles de maneira escandalosa, mentres eles aumentan os seus beneficios, a dereita xa está dicindo que se chegan ao Poder tratarán de eliminarlle eses impostos. É obvio, son os seus; son os que lles abren as famosas portas xiratorias cando deixan a política porque perden o Poder. Hai que telos contentos, obviamente. Podemos entendelo; o que non podemos admitir é que a defensa do seu pecunio se faga a costa do sufrimento dos máis necesitados.

Pensen nestas cousas, A ver se na próxima enquisa a resposta dos cidadáns está mais acorde co que realmente está ocorrendo. Certos resultados non son moi entendibles. Que os banqueiros e os que cobran 3 ou 4 millóns de euros por ano prefiran un goberno que poidan controlar é natural, pero que iso o estean amparando aqueles que viven dun salario mínimo ou que teñen unha pequena empresa ou unha hipoteca xa non resulta tan entendible.

Sexan felices se poden e teñan coidado coas estas loucas calores de agosto.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas mellora as súas rúas peonís para convertelas en lugares de estancia e desfrute social

O Concello de Ponteareas ven de iniciar os traballos de pintado e colocación de mobiliario urbano en 10 rúas peonís do centro urbano co obxectivo de mellorar a mobilidade peonil e convertelas tamén en espazos de estancia e relación social.

As rúas son Concha Brey, Virxe dos Remedios, Reveriano Soutullo, Constitución, Senén Canido, Vidales Tomé, Morales Hidalgo, Esperanza, Arxentina e Oriente. Instalaranse 31 xardineiras e 15 bancos, unha parte deles tamén con xardineira incorporada. Segundo sinala a alcaldesa Cristina Fernández Davila, “trátase dunha acción que mellorará o aspecto destas rúas e que dará resposta á necesidade de moitas persoas, especialmente maiores, de contar con lugares de encontro e convi-



vencia no espazo público”.

No marco destas actuacións reubicaranse as paradas de taxi. A situada na rúa Rogelio Groba trasladarase á rúa Virxe dos Remedios e a antiga parada da Praza de Bugallal trasládase para a rúa Vidales Tomé.

Por outra banda, o Concello anunciou que nas vindeiras se-

manas presentará publicamente os proxectos de humanización de sete rúas situadas na contorna do Concello e da Praza de Bugallal, que actualmente xa teñen carácter peonil. Ditos proxectos foron redactados con financiamento da Deputación Provincial a través da Rede Ágora na que participa o Concello de Ponteareas.

O Concello leva a cabo a recuperación integral do Cruceiro do Torreiro, en Moreira

O Concello de Ponteareas vén de rematar a recuperación integral do cruceiro do Torreiro, na parroquia de Moreira, un ben de interese etnográfico que sufrira importantes danos materiais a finais de agosto de 2021 tras impactar contra el un vehículo que circulaba a alta velocidade pola zona. “Con estes traballos quixemos non só recuperar o cruceiro, senón tamén garantir a axeitada conservación e protección deste ben etnográfico

que, xunto coa igrexa de San Martiño, supón un importante legado patrimonial”, explica a alcaldesa, Cristina Fernández Davila.

O mestre canteiro Manuel Sestelo, da empresa Folla de Acanto, levou a cabo os traballos de recuperación a través dos que, ademais de rehabilitar a reixa de forxa e as gradas do cruceiro, recuperáronse as imaxes de co-roación que o cruceiro tiña orixinalmente, Cristo no anverso e a Virxe no reverso.



O PP esixe solucións aos servizos sociais para as persoas que pernoctan ás portas do concello

O Grupo Municipal do PP esixe diálogo urgente ao bipartito para solucionar o problema que se observa ás portas do concello, con tres persoas pernoctando de forma diaria.

Os populares consideran que

a concellería de Servizos Sociais debe actuar e solucionar: “é inhumano o que está pasando. Unha vez máis a falta de diálogo e a prepotencia deste bipartito non permite solucionar este tipo de cuestións”.

Éxito de participación no festival Danzando entre Culturas



Ponteareas acolleu unha nova edición do Festival Internacional Algazara ‘Danzando entre Culturas’, organizado pola Agrupación Folclórica Algazara en colaboración co Concello.

Tras dúas edicións sen presenza internacional, por mor da crise sanitaria, este ano o festival contou coa participación de grupos de Porto Rico, Indonesia, Angola, Brasil e o público respondeu: centos de persoas acudiron ao parque da Feira Vella para desfrutar dunha noite máxica.

O concelleiro de Cultura, Fernando Groba, quixo felicitar a Algazara “polo seu esforzo e dedicación e por sacar adiante un ano máis un proxecto único que pretende achegar a Ponteareas a música doutros lugares do mundo ao mesmo tempo que se lle da pulo á nosa música tradicional.”

A Agrupación Folclórica Algazara, fundada en 1997, ademais do festival ‘Danzando entre Culturas’, tamén organiza o Festival Algazara, que cada outono achega á vila a grupos de folclore nacional.

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

TALLERES

PONTEAREAS

Vinte persoas melloran a súa empregabilidade a través do obradoiro formativo dual 'Coidar de Nós IV'

O Concello segue a traballar por favorecer a inclusión no mundo laboral dos seus veciños e veciñas. Dende o ano 2015, arredor de 160 veciños e veciñas de Ponteareas e As Neves pasaron polas aulas de formación da vila do Tea e melloraron a súa empregabilidade nos obradoiros de formación dual 'Coidar de Nós', que pechou en xullo a súa cuarta edición.

No acto de clausura no Centro de Desenvolvemento Local estiveron presentes a alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández; a concelleira de Formación e Emprego ponteareá, Vanesa Fernández Soage; o alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez; e o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Luís López.

"Este obradoiro permite a moitos dos nosos veciños e veciñas acceder a unha nova formación, reciclarse profesionalmente nal-



gúns casos e acadar novas ferramentas que lles facilitan a integración no mundo laboral con novas saídas", destacou a rexedora. Fernández Davila. Tamén destacou do alumnado "a súa implicación e compromiso co obradoiro, as gañas de aprender e de formarse para ter unha oportunidade en dous sectores con moita saída laboral, como son o socio-sanitario e o forestal".

O obradoiro tivo unha duración de nove meses, e contou cun investimento de arredor de 29.600 euros financiados polo Concello de Ponteareas e de 347.000 euros pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Este taller acolleu un módulo de atención sociosanitaria, e de actividades auxiliares e conservación e mellora de montes.

Ouro para a ximnasta ponteareán Melania



A ximnasta ponteareá Melania Rodríguez, integrante do Club Ximnasia Burgas, conseguiu medalla de ouro na categoría de dobre mini tramp nos Xogos Mundiais de Birmingham (Alabama) 2022 tras superar na final á neozelandesa Bronwyn Dibb e á sueca Lina Sjoeborg.

Por este motivo, o Goberno

municipal de Ponteareas, da man do concelleiro de Deportes, Miguel Bouzó, felicitou á deportista polo seu logro. Rodríguez executou de forma moi limpa un salto con pirueta barani en prancha de entrada e mortal pirueta en prancha de saída, co que conseguiu os 26,600 puntos necesarios para facerse co máximo metal.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastromica@gmail.com

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

By Barriguiñas
Especialista en Ceremonia infantil, arras, comunión e bautizo

627053847

Maria Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

FERRETERIA EL PUENTE
GUISANFER, S.L.

Rúa Real, 91
36860 Ponteareas
Pontevedra

986 640 192 / 665 170 107
elpuente@guisanfer.com

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/ Amado Garra 171, Ponteareas - 36860

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Volve a Feira de Oportunidades de verán

Volve a Feira de Oportunidades de verán a Ponteareas e faíno con enerxías renovadas. Organizada pola Asociación de Comerciantes Tea e polo Concello, terá lugar o sábado 6 e o domingo 7 de agosto: dous días completos nos que o público asis-

tente poderá desfrutar das mellores ofertas da tempada no comercio local.

A Feira de Oportunidades de Ponteareas será, ademais, unha grande festa que incluírá unha concentración de vehículos clásicos o domingo 7, a visita dos personaxes Mickey e Minnie,

un inchable acuático e pintado de caras para as e os máis pequenos.

A feira, que ocupará as rúas Esperanza, Oriente e Praza de Bugallal, rematará co sorteo dunha bicicleta que será entregada polo gran campión de ciclismo Álvaro Pino en persoa.

Alfombristas de Ponteareas elaborarán un tapiz de flores para o Cristo da Victoria

A Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas, invitada polo concello de Vigo e a Cofradía do Cristo da Victoria, realizará unha ofrenda floral, elaborando unha alfombra de flores con motivo da Profesión do Cristo da Victoria.

A alfombra de nove metros de diámetro e 70 metros cadrados, ten un gran rosetón central ao estilo das que se fan en Ponteareas onde o acrónimo JHS destaca no círculo central, no medio dunha gran cruz de flores de buganvilla que surxe do rosetón. A

cenefa da alfombra está formada por unha gran coroa de espiñas que rodea todo el rosetón.

Un equipo de vinte alfombristas de Ponteareas desprazarase a Vigo na madrugada do 7 de agosto para confeccionala na Porta do Sol



Campamento de verán para mozos e mozas de 13 a 17 anos

O Concello de Ponteareas pon en marcha este verán unha nova edición de 'ActivaTea', un campamento no que mozos e mozas de 13 a 17 anos poderán gozar dun amplo programa de actividades educativas e de lecer du-

rante todo o mes de agosto. As actividades desenvolveranse ao aire libre todos os luns, mércores e venres de 10.00 a 14.00 horas entre o 1 e o 31 de agosto.

Segundo explica Miguel Bouzó, edil de Mocidade, con esta iniciativa o Concello

busca dar cobertura "a unha franxa de idade que require dunha maior oferta lúdica e formativa e para a que habitualmente non hai unha gran variedade de opcións e, ao mesmo tempo, continuar favorecendo a conciliación laboral e familiar".

As persoas interesadas poden inscribirse xa entregando a ficha correspondente. Para máis información poderán enviar un correo electrónico a omix@ponteareas.gal ou chamar ao 986 660 765. O campamento terá un prezo de 25 euros.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf.: 986 640 243
Ponteareas

CAFÉ
C.A.S
RESERVAS Y PEDIDOS
604 07 93 04
DESAYUNOS
MENU DEL DIA
FINES DE SEMANA
MENU ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR
Rúa Vidales Tomé Nº 4, 36060 - Ponteareas

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

Vinoteca
Eira Vella
viños, tortas, pulgas e demais...
Rosalia de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril
■ OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
■ TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
■ PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
■ ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO
Teléfono 638 485 211 | casasmgal@hotmail.com

TRAGA D'EIRA
Rúa Do Pazo 14, 36204 Bouzas (Vigo)
Bodegón

Luís Piña | Alcalde da Cañiza

"Pretendo crear o Consello de Cañicenses no Exterior"

Luís Antonio Gómez Piña (PSdeG-PSOE) é alcalde da Cañiza desde 2019. Recentemente estivo en Lisboa para reunirse coa diáspora e

promover os produtos gastronómicos deste Concello da Paradanta que, o vindeiro 15 de agosto, celebrará a súa tradicional Festa do Xamón da Cañiza.



LVI Festa do Xamón da Cañiza. Hai algunha variante este ano?

Si. É a primeira Festa do Xamón que se fai despois da pandemia, o que condiciona todo porque fai un ano non tiñamos a seguridade de facela. A festa que se realizará na carballeira do Cacharado conta co xamón curado; xamón e tortilla; xamón asado; e xamón co viño tinto. O plus que xa lle demos na edición de 2019 e imos manter é a presenza de viños de adegas da Cañiza con Denominación Rías Baixas. Co respecto ás vindeiras edicións gustaría ampliar o carácter temporal da festa, acordado cos hostaleiros e xamoneiros, mais aló da que tradicionalmente se realiza na mañá do día 15 de agosto.

Cal é a implicación da hostalería na Festa?

Tanto como na parte gastronómica, os negocios contribúen cunha programación bastante intensa. Temos a actuación de Budiño e de dous grupos musicais (The Tetras Van e Broken Peach), verbenas e orquestras (Kubo, Grupo Alkar, Os do Cruceiro, Asociación Cultural Santa Cristina de Valeixe e a charanga Evaristo) Tamén haberá a Comitiva do Xamón, de

gustación, catas de viño e concurso de cortadores de xamón.

"O obxectivo é realizar anualmente un acto na Cañiza cos emigrantes"

Recentemente Vde. estivo en Lisboa coa emigración cañicense e galega. Foi unha iniciativa puntual?

Achegámonos a Lisboa para promover os produtos da Cañiza mais aló do económico e turístico, con degustación dos produtos locais (xamón, viños, mel, queixo e chocolate) Abriuse a oportunidade de vender estes produtos en establecementos en Lisboa, de comercializar os viños da Cañiza e de promoción no Corte Inglés de Lisboa. Debe destacarse que estivo presente o presidente da Cámara de Comercio Luso-Española.

Lisboa é un dos sitios con maior emigración cañicense e nós temos aquí parroquias (Franqueira, Petán, Parada) moi vinculadas coa capital portuguesa. Pero tamén foi un acto de relación cos

cañicenses e galegos que viven alí. É un primeiro paso porque eu pretendo crear o Consello dos Cañicenses no Exterior. O obxectivo é realizar anualmente un acto na Cañiza cos emigrantes, a decidir entre maio ou xuño e, dependendo do tema económico, poder tamén desprazarnos a aqueles lugares onde está a diáspora cañicense en Europa e América.

Hai un novo impulso á Vía Mariana?

A Vía Mariana estivo un pouco parada polo tema da pandemia pero tanto nós como outros Concellos estamos pola labor de impulsala. Por iso acordei un convenio con eles, que asinarán a Asociación de Veciños da Parroquia de Parada e a Comunidade de Montes coa finalidade de abrir alí un albergue como punto de referencia para os peregrinos desta ruta, unha vez teñamos os recursos necesarios.

"A Vía Mariana ten futuro"

Ten peregrinos esta Vía?

Si. A Vía Mariana ten futuro. É un plantexamento que leva anos e eu persoalmente son socio por

que a sede está na parroquia de Parada, no local municipal do Feirón, onde pretendemos facer o albergue.

Acaba de reunirse cos alcaldes de Melón, Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo. Con qué intención?

Somos cinco Concellos que acabamos de asinar por unanimidade un convenio, con subvención da Xunta de Galicia, para poñer en marcha a partir do 1º de agosto o Servizo de Atención Temperá para dar atención aos nenos de 0 a 6 anos que teñan certas dificultades. Este servizo de pediatría conta con tres profesionais e estará os luns e martes en Mondariz, cubrindo tamén Mondariz-Balneario; o mércores en Covelo; e xoves e venres na Cañiza atendendo tamén Melón. É unha iniciativa que eu impulsei e que inclúe Concellos con tres cores políticas diferentes.

Iso pode ser o inicio dunha futura fusión de Concellos na Paradanta?

Non. Para este servizo cohesiónámonos cinco Concellos. Para a Eurocidade (do Miño) cohesiónámonos outros Concellos (Crecente, Arbo, A Cañiza, As Neves e Melgaço) Estou tamén pensando noutras iniciativas de asistencia social onde a coalición pode ser diferente, en función das circunstancias. Eu si creo que nun futuro teremos que plantexarnos certos funcionamentos porque existe unha hiperdimensión dende o punto de vista administrativo, polo que debemos buscar fórmulas de simplificación deses servizos; tamén hai un debate sobre os ámbitos territoriais dentro do modelo comarcal en Galicia no que posiblemente podería haberse feito unha cohesión no ámbito comarcal de determinadas competencias non suxeitas a límites xeográficos, como o saneamento de conchas hidrográficas, recollida de sólidos urbanos, etc.

A poboación vai baixando mentres a prestación de servizos vai aumentando.

continúa na páxina seguinte...



Complejo Hostelerio



RESTAURANTE • ASADOR
JAMONERÍA • EMBUTIDOS • TIENDA
CASA RURAL • PICADERO
GRANJA PROPIA

Tel: 986 652 431 / 986 652 496
Carretera a Crecente, Km 0,6 - A CAÑIZA

CONDADO/PARADANTA

...ven da páxina anterior.

Temos un problema demográfico grave en Galicia porque a poboación vai en declive, principalmente no rural. Os nosos Concellos tamén están moi diseminados, con moitos núcleos de poboación. Por tanto dar servizos co modelo que temos resulta moi caro.

"É moi posible que no outono se constituía formalmente a Eurocidade do Miño"

Falaches da Eurocidade. Como ves esa iniciativa?

Para mín sempre foi un elemento atractivo. A Cañiza ten que sumarse ao tren de oportunidades. No caso da Eurocidade, non fai falla ter fronteiras físicas. O espazo territorial dos catro Concellos galegos, A Cañiza, Arbo, As Neves e as Crecente con Melgaço é un plano xeográfico e orográfico practicamente definido. O obxectivo é a interacción de proxectos conxuntos en materia económica, social, cultural e tamén de financiamento europeo. Recentemente reunímonos en Mel-

gaço e é moi posible que no outono asinemos o documento formal de constitución da Eurocidade. Estamos na fase de debate, planificando entre outras cousas un catálogo de servizos e un cartón de veciñanza da Eurocidade para que poida gozar de tódolos servizos da Eurocidade.

Pero noutras experiencias como a Eurocidade Cerveira-Tomiño atoparon dificultades neste sentido.

Estamos falando de infraestruturas municipais de carácter deportivo, de ocio, culturais. Non doutros servizos competenciais que non son nosos. Falamos de actividades conxuntas que nos dean a coñecer, desprazamentos de escolares, mobilidade, turismo e promoción exterior dos nosos produtos.

Servizos de alonxamento?

Hai e haberán máis.

A CTAG virá á Cañiza ou vai para a zona das Neves da PLISAN?

Inicialmente estaba previsto na zona da PLISAN, despois púxose o foco na Cañiza. A razón é que o solo no que estaba planificada a CTAG nas Neves recalificouse

como industrial, na que futuramente haberá empresas e proverá postos de traballo. Polo tanto, encarecía a construción dese circuíto e púxose o foco na Cañiza. Fixenlle esa oferta ao delegado da Zona Franca, David Regades. Pero todo dependerá das decisións de carácter de Estado.

"O futuro da CTAG depende das decisións do Estado"

En maio pasado, o PP esixiu a súa dimisión durante un pleno municipal. Como quedou esa petición?

É algo anecdótico, totalmente fóra de lugar e incluso unha torpeza por parte da oposición. A raíz dun plan de provedores que afrontamos con todo o rigor como consecuencia da xestión do anterior rexedor (Miguel Domínguez, PPdeG) que a finais de 2019 me deixa 4,3 millóns € en facturas pendentes de pago con tesourería cero. Eu digo que é a situación máis ruín nos 200 anos de existencia deste Concello. Nós



afrontamos un reaxuste para ir pagando esas facturas, un proceso previsto para 8 ou 10 anos tal e como informou o auditor. Por tanto, a iniciativa deste señor (Domínguez) de moción de censura na miña contra é un exercicio de distracción. El é o responsable político e económico da ruína deste Concello. No plan de provedores nós pagamos máis de 1.500 facturas, a máis antiga de 2014.

Liña de Alta Tensión Transfronteiriza. Afecta isto á Cañiza?

Si, para por aquí, pola altura da montaña, aínda que afecta menos que noutros núcleos de

poboación. Como alcalde e veciño gustaríame que ese tránsito non afecte a núcleos de poboación e que teña a menor repercusión medioambiental.

Que significa a nova distinción, a "Landra de Ouro", que irá a pleno municipal?

O Escudo da Cañiza ten 9 Landras, un froito do carballo que fai parte da nosa flora autóctona. Cada Landra representa unha parroquia da Cañiza. O galardón pretende recoñecer a labor profesional de visitantes e veciños da Cañiza, así como ensalzar o símbolo do seu escudo.

Encontro cos cañicenses e galegos en Lisboa

Este 14 de xullo, a Casa da Xuventude do Centro Galego de Lisboa acolleu a máis dun centenar de cañicenses, veciños e amigos, residentes na capital portuguesa para departir sobre A Cañiza co Alcalde Luis Piña e cos concelleiros do Equipo de Goberno M^a José Rodríguez González, Paula Bacelar Domínguez e Miguel Anxo Gómez Antón.

Esta é a primeira vez cun Alcalde da Cañiza exerce como "embaixador" con cañicenses residentes no exterior e coas súas familias, elixindo Lisboa como punto de partida desta experiencia por ser a cidade que máis galegos e cañicenses acolleu en toda a historia da emigración europea. Un dato contrastado polo Presidente do Centro Galego, Jesús Luis Bescos, quen agradeceu de xeito especial a decisión do Alcalde Luis Piña de ter elixido Lisboa para desenvolver este primeiro encontro de confraternidade.

A comitiva cañicense foi recibida pola Directiva do Centro, que deron a coñecer as instalacións e



as actividades e cursos que se desenvolven durante todo o ano. Ao rematar a visita, mantiveron una xuntanza de traballo para tratar sobre as posibilidades de cooperación e accións conxuntas de futuro. Tamén participou o gaitero e profesor de gaita galega do Centro, Paulo Marinho, quen interpretou a "Muiñeira Freixa de Ponteareas".

O Alcalde Luis Piña aproveitou para promocionar, difundir e por en valor os activos turísticos, gastronómicos e o potencial em-

presarial da Cañiza, destacando a tetilla, a mel e o chocolate da Cañiza así como os viños brancos e tintos de tres das nosas mellores adegas, cun alto nivel competitivo comercial.

Ao finalizar o acto, o alcalde convidou aos os presentes a degustar os nosos produtos, que foron os auténticos protagonistas deste xornada. O acto institucional rematou coa sinatura do Alcalde no Libro de Honra do Centro e coa entrega dun agasallo conmemorativo do Encontro.



Covelo incorpora catro persoas para a prevención de incendios forestais

O Concello de Covelo informa que, no marco do convenio de prevención de incendios asinado coa Xunta de Galicia, durante tres meses catro persoas traballarán na prevención de incendios realizando labores de limpeza, desbroce e extinción. Ata o 31 de outubro, tres peóns e un capataz limparán parcelas sobre as que existen denuncias por incumprimento da obriga de limpeza e participarán na loita contra os incendios forestais.

O Concello pide a colaboración da veciñanza e das Comunidades de Montes e das asociacións do Concello para que extremen as medidas de vixilancia.

O Concello quere recordar que en caso de incendio débese dar aviso inmediato chamando o 085 ou informando de calquera situación ou comportamento de risco incendiario que observen.

Así mesmo, aconsella que se eviten situacións de risco como o desbroce con maquinaria a motor en hora de máxima calor,

o lanzamento de foguetes, fumar en camiños ou zonas de monte, tirar cabichas nas cunetas e polas ventás dos vehículos ou facer brasas en lugares que non estean acondicionados ou calquera que poida causar lumes.

O Concello de Covelo pon en marcha tamén o grupo de voluntarios/as para a vixilancia e prevención de incendios no seu concello e facilita un número de teléfono, 986650027, e un enderezo electrónico de contacto alcaldia.covelo@fegamp.gal

Covelo mellorará a casa social de San Salvador de Prado



O apoio da Deputación de Pontevedra, o concello do Covelo investirá un total de 40.464,64€ na execución das obras da casa social de San Salvador de Prado e da súa contorna.

Despois do verán comezarán as obras co obxectivo principal de garantir a súa accesibilidade aos aseos existentes no andar

baixo e no exterior o obxectivo así como optimizar os espazos e o acceso ao parque infantil existente, a mellora da pavimentación e da iluminación, a creación de salas de reunión dos veciños e usuarios e a mellora da pista deportiva. A casa cultural atópase nunha parcela de 2,224 m², dos que 800 m² son de uso deportivo cunha pista multideporte.

Mondariz dá pasos para promover a mobilidade amable no centro urbano

Mondariz é un dos 54 concellos da provincia de Pontevedra que integran a rede Ágora, unha iniciativa impulsada pola Deputación de Pontevedra que promove a recuperación do espazo público para as persoas. Os concellos da rede incrementen de xeito substancial o espazo reservado ás persoas, cumprindo unha serie de principios que están na base da mellora da calidade de vida. O goberno municipal de Mondariz está aproveitando as diferentes liñas de subvención deste plan para sentar as bases dunha profunda modernización das infraestruturas



ras municipais. O ano pasado solicitou con éxito unha subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos para as persoas e a creación de sendas peonís e/ou ciclables no ámbito municipal, por valor de 50.000 euros. Agora ademais de poner en marcha este proxecto, vén de

solicitar outras catro subvencións para mellorar a mobilidade urbana.

Os catro proxectos solicitados recentemente, no marco do Plan Ágora da Deputación de Pontevedra, están relacionados coa rede de servizos municipais, como as infraestruturas de comunicación, abastecemento de auga e saneamento. Afectarían á praza de Merouces, no centro urbano de Mondariz; ao barrio do Ceo, na parroquia de Mondariz; á praza do barrio do Couto, na parroquia de Lougares; e ao toreiro da festa, en Sabaxáns.

Novo Coordinador do PSdeG-PSOE do Condado-Paradanta

O pasado 24 de xullo celebrouse na sede do PSdeG de Ponteareas unha xuntanza dos socialistas do Condado-Paradanta (Ponteareas, Salvaterra de Miño, Mondariz, Mondariz Baño, Arbo, As Neves, Crecente e Cañiza) para elixir o coordinador comarcal. En dita xuntanza acordouse que o novo coordinador da comarca Condado-Paradanta fose Delfín Domínguez Secretario Xeral dos Socialistas de Ponteareas.





milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



**LIMPIEZAS
PONTEAREAS**

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Os alcaldes de A Cañiza, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario e Melón poñen en marcha o servizo de atención temperá

Dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, ese é o obxectivo do servizo de atención temperá co que contarán os cinco concellos logo de asinar o convenio de xestión compartida deste servizo. O servizo dirixirá o seu traballos á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno.

Desde o 1 de agosto, o programa desenvólvese na sede de Mondariz, no 1º andar do Centro Social, que dará cobertura a Mon-



dariz e Mondariz Balneario, os luns e martes, na sede de Covelo, que será no Centro de Saúde de Maceira, o mércores e na sede da

Cañiza, no 1º andar do Edificio Multiusos da rúa Progreso 21, que dará cobertura á Cañiza e Melón, os xoves e venres, sempre

en xornada completa de mañá e tarde.

A empresa ACEESCA será a encargada de desenvolver este pro-

grama por un importe de adxudicación de 50.205,11 € semestrais. O Servizo está financiado ao 90% pola Xunta de Galicia. ACEESCA conta cun equipo de profesionais especializados en desenvolvemento infantil e atención tempera que se ocuparán de valorar trastornos de desenvolvemento psicomotor, cognitivo, da linguaxe e comunicación, de autonomía, desenvolvemento da área social e afectiva e sobre todo apoio, información e formación para as familias.

Os beneficiarios deste programa serán derivados polos Servizos de Pediatría de cada Concello.

Novo número da revista cultural "Mondaricus"

O 5 de agosto, ás 20:30 h, o Concello de Mondariz presentará o terceiro número da revista de cultura "Mondaricus". Trátase dunha publicación de periodicidade anual que, nesta ocasión, contén 120 páxinas impresas a toda cor. Na revista escriben autoras e autores locais do ámbito da creación plástica como Gloria Iglesias, Lorenzo Montes, Ana Amaro ou Arcilia P. Melón.

O groso da revista está dedicado a traballos inéditos sobre a natureza, a historia e o patrimonio cultural de Mondariz e Mondariz Balneario, con firmas como Rosa Reboreda,



Anxo Porto Ucha, Raquel Vázquez, Xurxo Martínez, Alfonso Mumary, Clodio González Pérez, Carlos Barros González, Fernanda Padín, Manuel González,

Antonio Rigueiro, Patricia Carballal, Xaime Estévez Vila, Xosé R. Paz Antón, María Fernández Blanco, Lucía Estévez e Verónica Palleiro.

Denuncias sobre o estado actual da Freixa

O Grupo Municipal do PP denunciou que o bipartito se negase a facilitar información á oposición e veciños en relación ao estado da Freixa, que leva semanas cunha sinalización que desaconsella o baño pola contaminación das súas augas.

Os populares, que xa solicitaron un informe o 14 de xullo,



aproveitaron o pleno para reiterar as súas dúbidas pero a alcaldesa

afirmou que se "lles contestaría por escrito".

Os populares consideran que ten que actuarse xa na zona e polo momento, no caso de que as áreas habituais de baño que frecuentan os bañistas non sexan aptas, debe sinalizarse en condicións para evitar problemas de saúde aos que descoñecen o estado da Freixa.

Le pianO du Lac volve escoller Mondariz para representar en Galicia o seu orixinal espectáculo



Le pianO du Lac é un orixinal espectáculo musical que ten xirado por toda Europa desde 2014. Despois da boa experiencia do ano pasado, repite no escenario natural da praia fluvial do Val, no Concello de Mondariz, para ofrecer en Galicia dous concertos flotantes da xira "Idóneas" os días 3 e 4 de agosto.

Como espectáculo, *Le pianO du Lac* vai máis aló do concerto clásico e presenta un innovador enfoque de transhumancia sonora que fusiona música, teatro e danza en escenarios naturais. O piano descansa sobre dous flotadores ciclopropulsados que per-

miten unha inusual mecánica pianística a pedais. O equipo técnico e artístico inclúe varios pianistas capaces de interpretar e mesturar diferentes tradicións sonoras. No entorno natural do concerto, ademais, a experiencia sensorial enriquecese cos sons da auga, do vento, da fauna salvaxe,...

Nos concertos flotantes de Mondariz, programados para as 20:00 horas dos días 3 e 4 de agosto, actuarán a pianista Violette Prevost, a cantante Claire Grupallo e a bailarina Myriam Grupallo, entre outras artistas. As entradas poden reservarse no sitio web de Le pianO du Lac (www.pianodulac.eu).

As Neves reivindica a súa memoria histórica cun novo libro sobre o seu pasado e coa retirada de simboloxía franquista da vila

O pasado 15 de xullo foi un día de reivindicación da historia contemporánea e da memoria histórica do Concello das Neves. Así se puxo de manifesto no acto organizado polo departamento de Memoria Histórica da Deputación e o propio concello para a presentación do libro 'As Neves. Notas de historia contemporánea 1836/1956' de Xosé Ramón Paz, para conmemorar a retirada de simboloxía franquista (xugos e lanzas da Falanxe) da Fonte de Santo Ignacio e da entrada ao centro de saúde, e tamén pola instalación de paneis divulgativos sobre a represión grazas a fondos provinciais.

O evento contou coa presenza da deputada María Ortega, responsable das áreas de Memoria Histórica e Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación que financiaron tanto o libro como os paneis e as obras de retirada de simboloxía, o alcalde

Xosé Manuel Rodríguez Méndez, o escritor e historiador Xosé Ramón Paz, así como o investigador Francisco Alonso Toucido, responsable da composición dos paneis informativos sobre a memoria histórica.

Simboloxía franquista e coñecemento da historia

A xornada comezou no lateral da Igrexa das Neves para dar a coñecer os novos paneis informativos da vila, que explican elementos patrimoniais que foron utilizados polo franquismo, xunto co espazo público, como estratexia propagandista enchendoos de simboloxía. No panel situado ao carón da igrexa destácase, por exemplo, que o listado de persoas caídas tralo golpe no 1936 inclúese xente principalmente do bando 'nacional', pero tamén de quintos aos que simplemente lles 'tocou' estar por obrigación. Eses gravados en pedra non foron retirados polo Concello pola necesidade de autorización da igrexa

e cuestións de Patrimonio, mais quíxose deixar clara e explicar a súa simboloxía.

Os outros paneis explicativos de elementos franquistas, como os da Fonte de Santo Ignacio ou o centro de saúde (onde había xugos con lanzas da Falanxe), inclúen tamén pequenos resumos da historia da represión xunto con fotografías antigas tomadas do buscador Atopo da Deputación. Fan referencia a que en As Neves tras o golpe houbo máis de 200 persoas afectadas tanto de maneira física, económica e psicolóxica. "Hai que tomar consciencia de que non só había represión física, chegaba a todos os lugares no espazo público onde miraras", subliña Alonso Toucido.

Pola súa banda, Xosé Ramón Paz explicou na súa intervención a importancia de que os territorios, pobos e vilas dispoñan de investigación e de libros para coñecer



a súa historia. Subliñou que o seu libro 'As Neves. Notas de Historia contemporánea, 1836/1956' supón un percorrido por unha selección temporal concreta, que vai dende a fundación do Concello das Neves e o seu funcionamento, sobre a fundación das escolas públicas, o agrarismo e o bugallalismo (as dúas forzas políticas

que se alternaron ata a República), como funcionaban os partidos e sindicatos na II República, e un estudo profundo sobre a represión franquista nos seus primeiros anos. "Vemos como as forzas que iniciaron no agrarismo foron represaliadas e os vencedores organizaron eles mesmos a política municipal", afondou.

Fortes incendios no Condado-Paradanta

Os Concellos de Arbo, A Cañiza e Ponteareas rexistraron diversos incendios nos últimos días do mes de xullo que circundaron a autovía A-52, moi perto do polígono industrial.

A parroquia arbense de Mourerán foi a máis afectada deste Concello, cun incendio que arrasou 400 hectáreas, sendo o máis importante ata agora da Provincia de Pontevedra. Por outra banda, na localidade cañicense de Oroso, no lado sur da autovía A-52, o incendio achegouse moi preto do polígono industrial, en particular da fábrica de plásticos rodeada do bosque de eucaliptos que calcinou 25 hectáreas. Deste xeito, debeuse cortar brevemente o tráfico na A-52 para redirixilo pola N-120 [estrada Vigo-Ourense], vía que tamén rexistrou a aparición de lume.

Mentres o incendio na Cañiza aínda seguía activo para o final da tarde do 31 de xullo comezouse



a observar na madrugada do 1º de agosto outro incendio na parroquia de Padróns en Ponteareas sendo estabilizado.

Situación similar viviuse en Mondariz e no Porriño, con conatos de incendios igual de sospeitosos pola súa proximidade no tempo, en particular nas parroquias porriñenses de Budiño e Torneiros, finalmente estabilizados.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, confirmou que os incendios

de Arbo e A Cañiza foron intencionados e coincide cunha onda iniciada o sábado 30 en Arbo e prolongada a Ponteareas, O Porriño e Mondariz deixando 450 hectáreas arrasadas. A calor extrema tampouco axudou cos operativos de extinción, de acordo cos datos da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), activándose a alerta laranxa nos concellos pegados ao río Miño nas provincias de Pontevedra e Ourense e nas Rías Baixas.

PP Ponteareas: "alternativa" para as municipais 2023



O Grupo Municipal do PP celebrou parque Bouza Vella, en Ganade, un xantar popular con máis de 240 asistentes para pechar este curso político e fixar estratexias para as próximas municipais de 2023.

A súa voceira Belén Villar considerou que o PP de Ponteareas é "a única alternativa real" para vencer ao bipartidismo BNG-PSdeG que goberna no Concello

de Ponteareas. "O noso proxecto está aberto a todos. O noso obxectivo é ter unha maioría suficiente para devolver a Ponteareas un Goberno serio e dialogante".

Villar agradeceu ás persoas que se uniron nos últimos meses de formacións como ACIP e Cidadáns ao proxecto popular e tamén ás persoas que se afastaron nos últimos anos do PP e agora decidiron volver á que "é a súa casa".

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Melgaço by Night desafia para uma prova ao luar

No próximo dia 20 de agosto, o destino de natureza mais radical de Portugal, Melgaço, tem uma nova proposta para os entusiastas da aventura e da natureza: promove um evento de trail e caminhada sob o luar, o Melgaço By Night. A iniciativa está dividida em duas provas: trail curto (15 km) e caminhada (8 km). As inscrições decorrem até dia 20 de agosto.

O Castelo de Melgaço, o Centro de Estágios, o passadiço e margens do rio Minho, as Termas de Melgaço e o Centro Hípico serão os locais de passagem desta primeira edição. O evento pretende dinamizar a prática desportiva, mas também ser um momento de convívio, uma vez que o mesmo promove e privilegia o fair-play e tem um caráter não estritamente competitivo.

As provas arrancam e terminam no Castelo de Melgaço. A partida do trail acontece pelas 22h00 e da caminhada às 22h05. O secretariado do evento funcionará entre as 19h30 e as 21h40, do dia da prova, 20 de agosto, no Solar do Alvarinho, temporariamente lo-



calizado no antigo Quartel dos Bombeiros Voluntários de Melgaço, na Alameda Inês Negra. No término das provas, terá lugar um convívio final para os que se aventuraram no evento.

As inscrições, individuais ou em equipa, podem ser efetuadas aqui, até ao dia 20 de agosto. Encerram após perfazer o limite de 150 participantes.

O trail curto tem um custo de 13 euros e a caminhada de 8 euros e o pagamento deverá ser realizado na receção do Centro de Estágios de Melgaço ou através de transferência bancária.

A inscrição no evento garante

aos atletas o dorsal, reforço intermédio e final, seguro desportivo, seguro de acidentes pessoais e responsabilidade civil, transporte para a meta, em caso de o atleta abandonar a prova ou ser impedido pela organização de continuar, banho no Centro de Estágios de Melgaço e reportagem fotográfica.

As informações adicionais sobre as formas de pagamento, regulamento e equipamento necessário, estão disponíveis no site da Melsport – Melgaço, Desporto e Lazer, EM e na página de Facebook do Centro de Estágios de Melgaço. (<https://www.facebook.com/centrodeestagios.melgaco/>).

Ecovia do Rio Minho, 2ª fase, aberta ao público



No âmbito do Projeto “Ecovia do Rio Minho, Troço Caldas de Monção – Bela”, que engloba a execução de três fases com uma extensão aproximada de 4,5 quilómetros, foi aberta ao público a 2ª fase, ligando o posto aquícola, em Troviscoso, ao antigo posto da Guarda Fiscal, no limite entre Troviscoso e a Bela.

O trajeto, com extensão de 1550 metros, foi implantado nas encostas do Rio Minho, presença constante ao longo de todo o percurso, atravessando caminhos já existentes, sempre que possível, num traçado serpenteado com poucas inclinações, de forma a adaptar-se à acessibilidade de pessoas com mobilidade reduzida.

Os trabalhos, no montante global de 175 mil euros, tiveram em conta os objetivos de preservação e promoção dos valores ecológicos e ambientais do território, assegurando a defesa e a valorização dos elementos patrimoniais e paisagísticos relevantes, bem como a proteção de zonas de maior sensibilidade biofísica e a salvaguarda dos sistemas.

Com percurso em betão poroso, com acabamento em cor castanha, a imitar o saibro natural, pretendeu-se a criação de um percurso agradável e aprazível junto ao rio Minho, adaptado à topografia original e incidindo, fundamentalmente, em caminhos e carreiros existentes, evitando-se o corte de vegetação autóctone.

Realizada a viagem inaugural das carruagens arco da CP

O Ministro das Infra-Estruturas e da Habitação de Portugal, Pedro Nuno Santos, esteve hoje em Valença na viagem inaugural das primeiras carruagens ARCO da CP.

As novas carruagens ARCO, entraram oficialmente, desde o dia 28 de julho, ao serviço da CP e da rede ferroviária nacional, em Valença. As carruagens contam com todas as comodidades e pre-

tendem reforçar e qualificar o transporte ferroviário na região.

No ato, o Presidente da Câmara Municipal de Valença, José Manuel Carpinteira, pediu o reforço das ligações regionais entre Viana do Castelo / Valença / Vigo, bem como a redução dos preços dos bilhetes de modo a incentivar a utilização do comboio. O autarca valenciano manifestou, também, o regozijo por Valença ser o ponto

de partida destes novos equipamentos que pretendem qualificar e valorizar o transporte ferroviário na linha do Minho.

O Ministro Pedro Nuno Santos, salientou a importância do reforço da oferta de serviço ferroviário no Minho com estas novas carruagens e a oportunidade para melhorar a mobilidade das pessoas retirando carros das estradas portuguesas e contribuindo para a



melhoria do ambiente em Portugal. O Ministro deixou, ainda, a ambição do Governo e da CP de avançar com uma linha integralmente nova entre Lisboa / Porto / Braga / Valença, de alta velocidade.

Na decoração exterior das novas carruagens destacam-se motivos alusivos ao património e cultura do Minho com desenhos das Portas da Coroadá, da Fortaleza de Valença, bem como do galo de Barcelos ou o coração de Viana.

PUBLICITE AQUI (00351) 960 069 934
comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

EDP Vilar de Mouros 2022... que cartaz

Mais um festival EDP Vilar de Mouros a decorrer nos próximos dias 25, 26 e 27 de agosto, no concelho de Caminha, mais concretamente na freguesia de Vilar de Mouros.

Assim, no cartaz para o dia 25 de agosto, estarão em palco os grupos PLACEBO, SUEDE, GARY NUMAN e BATTLES.

Já para o dia 26 de agosto, até data, haverão dois cancelamentos. O grupo cabeça de cartaz, LIMP BIZKIT, devido a problemas de saúde do vocalista Fred Durst,



e o grupo HOOBASTANK, devido a problemas de logística, devido a problemas nos aeroportos da Europa. Assim, fica o grupo TARA PERDIDA para o dia. Quanto aos

bilhetes desse dia, a organização comunicou que será devolvido o valor do dia, sendo possível pedir o reembolso até o dia 31 de agosto nas lojas onde adquiriu o bilhete.

Quanto ao último dia, 27 de agosto, não existe qualquer cancelamento, sendo que estarão presentes em palco os grupos IGGY POP, BAUHAUS, WOLMOTHER e LEGENDARY TIGERMAN.

O passe geral do EDP Vilar de Mouros para 3 dias, está à venda por 85,90€ e os bilhetes diários custam 42,95€.

Festival de Música Vodafone Paredes de Coura 2022

A história da música em Portugal não seria a mesma sem o Festival Paredes de Coura. Ao longo dos seus 29 anos de existência, o festival português tem feito história na descoberta de novas promessas musicais e na apresentação dos nomes mais consagrados da música a nível mundial. Com uma programação cuidada e coerente, sempre fiel ao espírito alternativo que o caracteriza, o festival Paredes de

Coura, que acontece junto à praia fluvial do Taboão já foi considerado um dos 5 melhores festivais de música da Europa pela revista Rolling Stone. Arcade Fire, Pixies, Nick Cave, PJ Harvey, Coldplay e Morrissey, são apenas alguns dos nomes que já pisaram o palco deste festival. Este ano o Vodafone Paredes de Coura regressa entre os dias 16 e 20 de Agosto com mais um dia de festival dedicado inteiramente à música portuguesa.

Solar já deu lugar a hotel de cinco estrelas



O solar setecentista de Requeijo, em Arcos de Valdevez, reabriu transformado em hotel de cinco estrelas, num investimento de 4,1 milhões de euros que criou 35 postos de trabalho.

A nova unidade hoteleira do grupo Luna Hotels & Resorts, a segunda daquele operador turístico em Arcos de Valdevez, é composta por 27 quartos e suítes.

Doze quartos estão localizados no edifício principal do solar, classificado como Imóvel de Interesse Público e construído em finais do século XVII. Os restantes 15 quartos foram criados nos terraços do solar, um imóvel complementar, de estilo contemporâneo, ligado ao principal por passagens subterrâneas.

Situado na antiga Quinta do Requeijo, na margem esquerda do rio Vez, na União de Freguesias de Arcos de Valdevez (São Paio) e Giela, a nova unidade vai proporcionar uma resposta "diferenciadora" aos turistas e "qualificar a oferta" do concelho,

que "dispõe de alojamento para cerca de 1.600 pessoas", disse, no início deste ano, o presidente da Câmara.

O solar, situado no interior da Quinta do Requeijo, é uma construção setecentista, que reflete, nas suas opções arquitetónicas, um dos modelos de casa nobre que conheceu grande fortuna no Norte do país (entre outros, Paço de Calheiros e Paço de Bertandos em Ponte de Lima, e solar dos Pinheiros em Barcelos)".

As "duas torres, nos extremos do edifício e ligadas entre si através de um corpo mais baixo e longitudinal, inscrevem a casa de Requeijo nas denominadas 'casa-torre', de origem medieval, mas cuja influência foi determinante na arquitetura civil dos séculos seguintes".

Já a capela, implantada num dos extremos da casa, liga-se a esta através de um passadiço, e é uma edificação mais tardia, pois os elementos decorativos são mais característicos de um gosto rococó, da segunda metade do século XVIII.

O imóvel foi adquirido, na sua totalidade, pela Câmara Municipal, com aprovação da Assembleia, em 1999. Chegou ainda a ser utilizado pela Associação Nacional de Jovens Empresários (ANJE) como centro residencial de formação empresarial.



Restaurante "O Adérito"
 Sala com capacidade para 250 pessoas
 Casamentos/Batizados/Comunhões/Aniversários/Diárias
 Serviço de Catering
 WWW.oaderito.com

Contactos:
 Tel: 251404412
 Tlm: 966575716/962683522
 email: restauranteoaderito@gmail.com

Qta do Pombal-Remoães
 4960-330 - Melgaço
Gerente
Adérito Pires Costa

FESTAS DO CONCELHO DE VALENÇA
EM HONRA DE NOSSA SENHORA DO FARO

11 A 15 AGOSTO '22

ARTESANATO • DIVERSÕES • GASTRONOMIA • ESPAÇO FREGUESIAS
MOSTRA EMPRESARIAL • MÚSICA • PRODUTOS LOCAIS • TASQUINHAS

11 QUINTA - FEIRA

21h00 | TRIBUTO A CARLOS SANTANA
22h00 | GRUPO DE CORDAS STÁ9
23h30 | KALHAMBEKE

12 SEXTA - FEIRA

22h00 | SONS DO MINHO
23h30 | HYBRID THEORY
TRIBUTO LINKIN PARK
01h00 | JP ALCANTARA
02h30 | QUIM DAS REMISTURAS

13 SÁBADO

22h00 | ANA BACALHAU
23h30 | METÁFORA
01h00 | CARLOS DANIEL
02h30 | URZE


14 DOMINGO

18h00 | CORTEJO ETNOGRÁFICO
22h00 | PAULO BAIXINHO
23h30 | FERNANDO DANIEL
01h00 | FOGO DE ARTIFÍCIO
01h30 | JP ALCANTARA

15 SEGUNDA - FEIRA

8h00 | PROCESSÃO NOSSA SENHORA DO FARO
11h00 | MISSA NA CAPELA DO FARO
15h00 | LUAR DO MINHO

CAMPO DA FEIRA
AVENIDA SÁ CARNEIRO

Organização:  Patrocinadores: 

Vikings vão invadir Cerveira...



De 18 a 21 de agosto, Vila Nova de Cerveira vai sofrer uma invasão viking. A Festa da História vai realizar-se um pouco por toda a vila, teletransportando os visitantes para uma viagem memorável aos costumes e hábitos vikings.

Durante quatro dias, o mercado medieval, repleto de cor e música, recria os hábitos e as vivências da época e a arte que então se

produzia. Mercadores e artesãos enchem as ruas, demonstrando ofícios. Encenações teatrais e animação de rua, com homens de armas, nobres, clérigos, homens e mulheres do povo, revelam histórias do quotidiano. A completar o cenário não podia faltar os jogos tradicionais, o acampamento, os passeios a cavalo, o tiro com arco para os mais novos e as iguarias da época.

VALCARCE

supermercado 24 horas LA PARADA

AdBlue MBue

LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H
TELF. 986 484 444
A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291